

VIII CERTAME DE COCIÑA DE FILLOAS DA PEDRA

01 DE ABRIL DE 2012

O Concello da Baña, como actividade enmarcada dentro da programación a realizar na IX Festa da Filloa da Pedra, convoca o VIII CERTAME DE COCIÑA DE FILLOAS DA PEDRA, co patrocinio da Fundación Feiraco, e coas seguintes bases:

1º.- Cada concursante poderá presentar un máximo de dous pratos ao certame, sendo o ingrediente base a filloa da pedra. Cada preparación culinaria deberá ir acompañada da correspondente receita indicando o nome da mesma, o/a autor/a ou autores/as, ingredientes, cantidades e método de elaboración.

A valoración que outorgue o xurado basearase no arrecendo, no sabor do prato, na presentación e na orixinalidade da combinación dos ingredientes.

2º.- Os participantes neste certame inscribíranse antes das 14 horas do venres 30 de marzo de 2012 na Axencia de Desenvolvemento Local ou no teléfono 981 886 777. As bases deste certame pódense recoller na oficina da citada axencia en horario de 9 a 14 horas, ou na páxina web do Concello da Baña.

3º.- A inscrición será de balde, e no momento de facela asinaráselle a cada participante un número identificativo que figurará xunto ó prato dende o inicio do concurso, facilitando deste xeito o anonimato. Ao remate da valoración dos pratos por parte do xurado, cada participante poderá recoller o material utilizado.

4º.- Dende o momento da presentación dos pratos ao certame, os dereitos sobre as receitas presentadas e as fotos que se lles fagan ós pratos pasarán a ser propiedade do Concello da Baña.

5º.- O prazo para a presentación dos pratos ao concurso rematará ás 13 horas do domingo 01 de abril, e o lugar para presentalos será no stand do Concello da Baña, no Pavillón Municipal.

6º.- Recórdaselles aos participantes que deberán seguir unhas normas mínimas de hixiene alimentaria durante todo o proceso de elaboración ou transporte dos alimentos.

7º.- Se a calidade dos pratos así o suxire, poderase declarar deserto o premio do Certame ou conceder os accésits que se coiden oportunos. O Xurado terá plenos poderes para decidir sobre calquera dúbida ou incidencia que xurda durante o Certame. As decisións do Xurado son inapelables.

8º.- Outorgaranse dous premios, ao mellor sabor e á mellor presentación, que consistirán nunha cesta de produtos de alimentación valorada en 300 € e un diploma acreditativo do premio. Así mesmo, haberá unha mención especial ao prato máis orixinal, o gañador do cal recibirá como premio unha cea. A tódolos concursantes se lles fará entrega dun diploma en agradecemento pola súa participación. Os premios entregaranse o mesmo día 01 de abril, ás 17:00 horas, no transcurso da **IX Festa da Filloa da Pedra (Pavillón Municipal)**.

9º.- A presentación ao Certame implica a aceptación destas bases.

Concello de A Baña, a 02 de marzo de 2012.